



Conto 1:

Era unha ghorra, así cunha ghorra redonda.

Bueno, eso, era un que quería un páxaro. E entonces dispensando, dispensando, fixera o que tiña necesidá como facemos todos. Non é así? Da tripa. Non sabes? Da tripa. E entonces, claro, alí el púxolle unha ghorra por riba e taba:

- Rourrou calla calla. Rourrou calla calla.

E díxolle el:

- Pero que tes aí?

Entonces díxolle, díxolle el:

- Pois isto é un páxaro.

Entonces: “rourrou calla calla.” Volvía outra ves.

- E que, e non se pode coller?
- Si, hombre, pero tes que metela man de forza porque senón escápache.

E vai entonces, taba “rourrou calla calla”. Dice:

- Quita!

Bum! E meteuno no monte de..., que aínda taba quente, me cághono nabo. Coma os outros dacolá, de aquí, acolá no Outeiro. Que aínda botara habia pouco, viñera de dentro inda taba quente.



Conto 2:

E outra vez era un xastre, ou un xastre non era pero era un que tiña fame, e meteuse e dixo:

- Como hei de facer pa matala fame?

E dixo:

- Pois voume metere.

Que andaban polas portas, sabes? Que andaban polas portas a ver quen ghanaba algo. E meteuse xastre. E iba berrando, facendo saias, facendo traxes, facendo traxes. E cheghou onda un que tiña un traxe pa facer, e cheghou onda un que tiña un traxe para facere e dixo:

- Ven pa acá. Ven pa cá contodo fasme este meu.

E vai entonces, claro, de, querendo facer aquel, alí benhe. Tuvo, toda a mañá, todo antes das doce, mediodía, todo o mediodía tuvo: “P’ aquí tenas e pa alí tamén” e “pa aquí tenas e pa alí tamén.” (...) E entonces pola última comeu a mediodía, e comeu ben decindo: “p’ aquí tenas e p’ alí tamén”.

E vai entonces agharrou e comeu, daquela sería unha, un, un pedazo de carne de cerdo ou eso, e entonces vai e, ó que acabou de comere, acá, a comere, volveu outra vez a tomar medidas: “pa aqui tenas e pa alí tamén” hasta que polo último señor de, do traxe, dixo:

- Pero qué será esto, que terá?

Dixo:

- Pero que é o que se da?
- Unhas alforxas.

E entonces saleulle o amo, dixo:

- Pero eu non che pedín unhas alforxas que che pedín un traxe, é pa un traxe.
- Ai pero un traxe no sei facere!

E entonces marchou, e despois marchou comido, cobrar non cobrou pero siquiera matúvose.